

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Subvencións e axudas

BASES DE SUBVENCIONES DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS, ANO 2023 (PROCEDEMENTO SIA 215186)

A Xunta de Goberno desta Deputación, na súa sesión ordinaria do 24 de xaneiro de 2023, acordou, entre outros asuntos, aprobar as seguintes bases:

BASES DE SUBVENCIONES DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS, ANO 2023 (PROCEDEMENTO SIA 215186)

A cultura e os recursos e riquezas que xera actúan como un factor de desenvolvemento e sustentabilidade territorial. A diversificación, consolidación e mellora da oferta cultural no territorio non só resulta fundamental para avanzar na cohesión social, permitindo o acceso de toda a cidadanía á cultura, senón que tamén é un factor chave para o desenvolvemento económico ao longo do territorio.

Así a cultura é unha forza transformadora para a rexeneración da comunidade, núcleo da riqueza patrimonial do territorio e da súa historia, e que desempeña un papel fundamental á hora de aumentar o atractivo dos lugares e de reforzar a identidade única dunha localización específica. Tanto a cultura como a creatividade poden ser factores chave para impulsar e posibilitar a innovación, do mesmo xeito que unha fonte de capacidade empresarial importante.

Doutro xeito, faise necesario garantir o acceso á cultura nos termos fixados pola Comisión Europea na súa Axenda Europea para a Cultura (2018), na que se ditamina que a cultura é un medio ideal para favorecer a cohesión social. O elemento inmaterial, isto é, favorecer a proliferación de ideas e proxectos culturais, vai na liña de ampliar as capacidades, permitindo a aparición e mantemento de actividades culturais de calidade e promovendo oportunidades de participación e creación para toda a cidadanía, independentemente do seu lugar de residencia. Trátase en suma de facilitar o acceso á cultura como motor de crecemento.

A Deputación de Pontevedra, dentro do seu obxectivo de promover e fomentar a cultura galega nas súas múltiples e variadas expresións artísticas, coa presente liña de subvencións activa desde hai máis de trinta anos subvenciona unha media de duascientas actividades culturais que organizan entidades culturais sen fins de lucro da provincia de Pontevedra co fin de contribuír á promoción, protección e difusión do patrimonio cultural, así como á dinamización cultural da provincia.

O obxectivo que se persegue é impulsar a creación e difusión da oferta cultural, apoiar a consolidación do sector cultural y aumentar a conexión e a comunicación cultural no ámbito urbano e no rural para tratar de contribuír ao desenvolvemento cultural das zonas menos poboadas para promover e difundir así as nosas manifestacións culturais.



Esta convocatoria trata de apoiar as accións tendentes a mellorar a calidade das distintas manifestacións culturais, en especial as actividades dirixidas á reivindicación e á difusión do patrimonio material e inmaterial da provincia de Pontevedra, para contribuír deste xeito á difusión, ao mantemento e á recuperación da nosa cultura e das nosas tradicións.

Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito.

No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante.

Nesta liña, no artigo 118 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Adicionalmente, no artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Segundo o exposto, e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, convócase esta liña de subvencións, de acordo coas seguintes:

BASES

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto aprobar a convocatoria pola que se rexerá a concesión, seguimento e xustificación de axudas para promover, fomentar e difundir as actividades culturais que organicen as entidades culturais sen fins de lucro da provincia de Pontevedra, entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023, no seu ámbito territorial e, excepcionalmente, fóra da comunidade autónoma de Galicia cando teñan relevancia para os intereses provinciais.



Segunda. Finalidade

A finalidade destas axudas é reforzar e desenvolver as capacidades do sector cultural e incrementar a actividade cultural no noso territorio, entendida como un motor de cambio, dinamización e transformación social.

A través desta liña de subvencións preténdense activar procesos culturais na provincia de Pontevedra, e excepcionalmente, fóra da comunidade autónoma de Galicia cando teñan relevancia para os intereses provinciais, que afonden nos vínculos individuais e sociais co territorio, ofrecendo novas oportunidades laborais, de emprego estable e de calidade no eido cultural nas contornas rurais.

As accións elixibles que se financiarán a través deste liña de axudas deben responder a un ou varios dos obxectivos seguintes:

- a) Impulsar a actividade, a creación, as prácticas e os procesos culturais contemporáneos en estreita vinculación coas comunidades e os seus contextos sociais, territoriais e culturais da provincia de Pontevedra.
- b) Promover a dinamización, modernización e innovación dos sectores e axentes culturais e creativos, favorecendo a xeración de emprego, a profesionalización e a creación de redes profesionais locais, así como axudar á consecución da igualdade de xénero nestes sectores.
- c) Promover a inclusión e estimulación da participación cidadá activa na actividade cultural como instrumento de participación democrática, benestar, saúde e cohesión social e territorial, con especial atención á incorporación de estratexias de igualdade de xénero.
- d) Favorecer a diversidade cultural, así como o diálogo e o intercambio rural-urbano.
- e) Impulsar a contribución da cultura aos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, en particular aqueles vinculados coa sustentabilidade ambiental.
- f) Promover a realización de actividades culturais que aseguren a accesibilidade cultural, o fomento da igualdade, a inclusión social ou a sustentabilidade ambiental.

Terceira. Réxime aplicable ás axudas

A xestión e a concesión destas axudas realizaranse mediante o procedemento de concorrência competitiva, segundo os criterios previstos na base décimo terceira e de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrência, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación de efectivos e na utilización de recursos públicos.



Estas axudas son compatibles con outras subvencións ou patrocinios, públicos ou privados, para o mesmo proxecto ou finalidade.

En todo caso, a entidade deberá comunicar a obtención doutras axudas, subvencións, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, unha vez teñan coñecemento da súa existencia, e, en todo caso, con anterioridade á xustificación dos fondos percibidos, o que poderá orixinar as correspondentes minoracións no importe da axuda concedida. Así mesmo, no momento da xustificación, deberá comunicar, no seu caso, a asignación de fondos propios ao desenvolvemento da actuación.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, transmitiráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

Cuarta. Dotación económica e réxime económico

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023. Estas subvencións convócanse con cargo á aplicación 23/330.3340.489.05 do Orzamento da Deputación para o ano 2023 por un importe total de douscentos cincuenta mil (250.000,00) euros.

O importe máximo da subvención que se conceda, en cada caso, non poderá exceder do 75 % do seu orzamento e cun límite máximo, en todo caso, por persoa beneficiaria de dous mil cincocentos (2.500,00) euros.

Quinta. Entidades destinatarias

Poderán solicitar estas subvencións as entidades culturais que reúnan os seguintes requisitos:

- Carecer de fins de lucro
- Ter o domicilio fiscal na provincia de Pontevedra
- Non estar incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir subvencións públicas
- Non estar incursas en ningunha das prohibicións para percibir subvencións recollidas na lei
- Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra

Non poderán beneficiarse destas subvencións as ANPA nin as asociacións que teñan pendentes de xustificar subvencións para actividades culturais concedidas no exercicio anterior.

Só se poderá conceder unha subvención por entidade no ámbito desta convocatoria.



Sexta. Actividades subvencionables

Serán subvencionables as actividades que realicen as entidades previstas na base precedente, que respondan ás finalidades recollidas na base segunda e que se desenvolvan no período que comprende desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2023, no ámbito territorial da provincia de Pontevedra ou, excepcionalmente, fóra deste cando versen sobre temas de interese para a provincia.

Para os efectos destas bases, descríbense a continuación as actividades elixibles:

- As actividades para a posta en valor do patrimonio inmaterial propio das vilas e comarcas da nosa provincia (costumes, tradicións, etnografía, crenzas e mitos)
- Os festivais, as mostras, os encontros e os certames culturais
- Os certames e as actividades de posta en valor da pintura, da escultura, da arquitectura e da banda deseñada
- Os intercambios culturais para potenciar o patrimonio musical fóra da Comunidade Autónoma de Galicia. Neste caso, unicamente se terán en conta os gastos ocasionados con motivo do desprazamento da entidade fóra da comunidade autónoma.

Quedan excluídos desta convocatoria e, polo tanto, non serán obxecto de subvención os seguintes conceptos:

- As actividades subvencionadas no mesmo exercicio a través doutras convocatorias de subvencións ou plans provinciais da Deputación
- Os gastos de funcionamento das entidades, os gastos correntes, os gastos bancarios, os gastos de persoal da propia entidade e as actividades xerais que se realizan ao longo de todo o ano
- As viaxes de lecer, as excursións, as festas gastronómicas e as festas populares
- Os gastos gastronómicos, agás naqueles casos de intercambios culturais fóra da comunidade autónoma
- Actividades que utilicen no seu desenvolvemento linguaxe sexista ou que empreguen a imaxe da muller como reclamo
- As actividades educativas, formativas e obradoiros
- As actividades de carácter deportivo
- Actividades que ocasionen ou xustifiquen o maltrato de persoas ou animais
- As adquisicións de bens ou os gastos que teñen a consideración de investimentos



Sétima. Lugar de presentación

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, de acordo co establecido no artigo 14.2 da LPACAP.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Oitava. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Novena. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) NIF da entidade
- b) DNI ou NIE da persoa representante legal da entidade
- c) Domicilio fiscal da entidade interesada
- d) Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra
- e) Consulta de concesións de subvencións e axudas
- f) Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas

No caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Décima. Documentación

Cada entidade solicitante poderá presentar unha única solicitude para optar a esta convocatoria, na que se indicará a actividade concreta que se vai realizar.



As entidades deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- Memoria explicativa dunha actividade cultural concreta, asinada pola persoa representante. En ningún caso se subvencionarán as actividades que se realicen ao longo de todo o ano, senón unicamente unha actividade concreta, da que se terá que indicar o lugar e a data da súa realización.

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que entreguen. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presentase a documentación complementaria de xeito presencial, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica.

Décimo primeira. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos realizaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través da Carpeta Ciudadana e de Dirección Electrónica Habilitada única. Ambos os sistemas son accesibles desde <https://sede.depo.gal>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen 10 días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación realizada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo segunda. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda á solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outras). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a



normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para levar a cabo trámites sobre outros expedientes e presentalos electronicamente. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a realizar o trámite. Os modelos están dispoñibles en:

<https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

Décimo terceira. Valoración e concesión

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrência competitiva; teranse en conta para a súa adxudicación os seguintes criterios:

1) Ámbito xeográfico da actividade: local, provincial, autonómico, nacional ou internacional, ata 20 puntos:

Local	10 puntos
Provincial	12 puntos
Autonómico	15 puntos
Nacional	18 puntos
Internacional	20 puntos

2) Orzamento total da actividade obxecto de subvención, ata 40 puntos:

≤1.000	3 puntos
>1.000 ≤2.000	10 puntos
>2.000 ≤3.000	15 puntos
>3.000 ≤4.000	20 puntos
>4.000 ≤5.000	25 puntos
>5.000 ≤6.000	30 puntos
>6.000 ≤9.000	34 puntos
>9.000 ≤12.000	36 puntos
>12.000 ≤18.000	38 puntos
>18.000	40 puntos

3) Porcentaxe solicitada de financiamento, ata 30 puntos:

≤25 %	30 puntos
>25 % ≤35 %	20 puntos
>35 % ≤50 %	15 puntos
>50 % ≤65 %	10 puntos
>65 % ≤75 %	5 puntos



4) Actividades que inclúan medidas para favorecer a accesibilidade cultural, o fomento da igualdade, a inclusión social e a sustentabilidade ambiental, ata 10 puntos:

Accesibilidade cultural	2,50 puntos
Fomento da igualdade	2,50 puntos
Inclusión social	2,50 puntos
Sustentabilidade ambiental	2,50 puntos

A Deputación poderá requirirllas ás entidades solicitantes cantos documentos e aclaracións considere necesarios para completar o expediente. Tamén poderá dispoñer que se leven a cabo as comprobacións oportunas dos datos achegados polas entidades solicitantes.

A concesión destas subvencións é compatible con outras que se reciban para o mesmo fin, tendo en conta que o conxunto de todas elas en ningún caso poderá superar o 100 % do custo da actividade ou do investimento que desenvolva a entidade beneficiaria.

Décimo cuarta. Instrución do procedemento e resolución

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao xefe do Servizo de Cultura, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos, en virtude dos cales emitirá un informe-proposta no que figure a valoración das solicitudes segundo os criterios sinalados na base décimo segunda, e no que explicará o sistema seguido, de conformidade co previsto no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e no artigo 24 da LXS. Este informe-proposta, xunto coa relación de todos os expedientes, remitiráselle a Intervención para a súa fiscalización.

Posteriormente, a comisión de valoración realizará un estudo do informe-proposta das solicitudes de subvención emitido polo xefe do Servizo. Esta comisión é un órgano colexiado composto por:

- Presidenta: a deputada delegada da área de Cultura
- Vogais: dous membros do persoal técnico do Servizo de Cultura e un do persoal técnico do Servizo de Intervención
- Secretaria ou secretario: un membro do funcionariado do Servizo de Cultura, que actuará sen voto

A comisión de valoración poderá:

- Solicitar cantos informes estime necesarios para resolver
- Emitir un informe ao respecto das solicitudes de subvención

O procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia competitiva.



A proposta de concesión de subvencións someterase á aprobación do órgano competente.

A resolución do procedemento notificaráselles ás entidades interesadas conforme o previsto no artigo 40 da LPACAP.

Unha vez transcorridos 6 meses a partir do día seguinte a aquel no que remate o prazo de presentación de solicitudes sen notificarse a resolución, as entidades interesadas estarán lexitimadas para entender como desestimada por silencio administrativo a solicitude de subvención.

Décimo quinta. Modificación da resolución

Tal como se establece no artigo 64 do Regulamento da LXS (Real decreto 887/2006, de 21 de xullo) e no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, unha vez notificada a resolución de concesión, despois dunha solicitude razoada, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar a modificación do seu contido, que poderá autorizarse sempre que se manteña a finalidade da axuda e non se danen dereitos de terceiras persoas.

Esta solicitude de modificación deberá presentarse no prazo de 1 mes desde a notificación da concesión e será obxecto de resolución da Presidencia, logo dunha proposta previa da comisión de valoración, que deberá ter en conta as seguintes circunstancias:

- Se o orzamento da nova actividade é superior ou igual ao subvencionado inicialmente, manteranse as condicións da subvención concedida en canto ao importe da subvención e ao orzamento subvencionado
- Se o orzamento da nova actividade é inferior ao subvencionado inicialmente, a comisión de valoración, logo do informe do Servizo de Cultura, deberá determinar o novo orzamento subvencionado e o novo importe da subvención, que serán inferiores aos inicialmente establecidos

Décimo sexta. Obrigas das entidades beneficiarias

As entidades beneficiarias da subvención teñen que cumprir as seguintes obrigas:

- a) Levar a cabo a actividade subvencionada entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023
- b) Notificarlle á Deputación de Pontevedra as axudas, os ingresos ou os recursos que financien a actuación subvencionada, obtidos ou solicitados a outras administracións ou entidades públicas ou privadas, con posterioridade á presentación da solicitude da convocatoria correspondente
- c) Proporcionar en todo momento a información que lles sexa solicitada respecto da subvención concedida e someterse ás actuacións de comprobación de Intervención da Deputación de Pontevedra, segundo a súa normativa



- d) Nas accións promocionais e nos materiais de difusión que se realicen ao abeiro desta convocatoria deberán incluír o logotipo da Deputación de Pontevedra, seguindo as súas respectivas normativas de identidade corporativa – Proxecto subvencionado, accesibles en <https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa>. Así mesmo, será obrigatorio que os logotipos da Deputación de Pontevedra sexan visibles durante a realización da actividade obxecto de subvención
- e) Levar a cabo a publicidade das actuacións nos distintos soportes publicitarios (carteis, cuñas radiofónicas, páxinas web, redes sociais...) e indicar que é unha actuación subvencionada pola Deputación de Pontevedra
- f) Colocar os elementos publicitarios que lles poida facilitar a Deputación de Pontevedra
- g) Outras obrigas previstas na normativa de subvencións

Décimo sétima. Xustificación

Unha vez notificada a aprobación das subvencións concedidas e realizada a actividade, as entidades beneficiarias deberán xustificalas. O prazo para presentar a xustificación da axuda remata o 28 de febreiro de 2024.

Os gastos xustificandos deberán axustarse aos conceptos establecidos no orzamento inicial e, con carácter xeral, non se admitirán como válidos os xustificantes referidos aos gastos excluídos na base quinta.

Para percibir a subvención as entidades deberán presentar a seguinte documentación obrigatoriamente por medios electrónicos segundo o previsto na base décimo segunda:

- a) Memoria xustificativa do cumprimento das condicións establecidas na solicitude de subvención, debidamente asinada, na que se indiquen a actividade realizada, o lugar e a data da súa realización e os resultados obtidos.
- b) Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida; deberán indicar en cada un o número de unidades, os prezos unitarios destas e mais o custo total. Non se admitirán as nóminas do persoal propio da entidade.

As facturas presentadas para xustificar as subvencións con data posterior á finalización do prazo de xustificación en ningún caso terán carácter de gasto subvencionable.

- c) Conta xustificativa dos gastos, segundo o modelo dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, e na que se poña de relevo que os gastos que figuran na mencionada conta xustificativa se aplicaron á finalidade para a que se concedeu a axuda, e que o resto dos xustificantes da conta se encontran no domicilio da entidade beneficiaria a disposición da Deputación para o seu exame.



- d) Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial, sen que se aboe máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida. Establécese unha porcentaxe de desviación máxima no custo dos diferentes conceptos da actividade subvencionada con respecto ao orzamento inicial pormenorizado (que non debe superar o 20 %).
- e) Os gastos que figuren na conta xustificativa aboaránselles preferiblemente ás e aos provedores antes de presentar a xustificación da subvención pero, en todo caso, no prazo máximo de 1 mes desde a percepción dos fondos. O gasto non pagado ou pagado fóra deste prazo non se considerará subvencionable.
- f) As entidades beneficiarias das subvencións provinciais deben empregar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que se identifiquen a entidade beneficiaria, o importe e a data de pagamento (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.), e só excepcionalmente, cando non sexa posible unha forma alternativa, poderá empregarse o pagamento en metálico. O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non subvencionable, sempre que supere o importe de novecentos (900,00) euros.
- g) Declaración de que non se recibiron outras subvencións de administracións públicas ou entidades privadas para a finalidade subvencionada ou, no seu caso, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da finalidade subvencionada.
- h) Para cobrar a axuda concedida as entidades, no momento do pago, deberán estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación, situación que determinará de oficio a propia institución provincial.
- i) Acreditar a debida difusión, mediante soportes publicitarios, físicos ou telemáticos, do financiamento por parte do organismo provincial desta actividade a través do logotipo da Deputación de Pontevedra.

Décimo oitava. Pagamento

Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifiquen gastos polo 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención
- No caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100 %, aboarase a parte proporcional da subvención

O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade perceptora.



Décimo novena. Incumplimento

Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado na base décimo sexta sen que a entidade beneficiaria presentase a documentación xustificativa, o Servizo de Cultura requiriralle que o faga no prazo improrrogable de 15 días.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a perda da subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.

Vixésima. Devolución ou reintegro

As subvencións concedidas deberán devolverse ou reintegrarse, previa instrución do procedemento de reintegro ou devolución, nos seguintes casos:

- Por obtelas falseando as condicións requiridas
- Por non aplicalas aos fins para os que foron concedidas
- Por incumplir a entidade beneficiaria as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases

Vixésimo primeira. Órgano de aprobación

De acordo co establecido na base 16.2 das de execución do Orzamento para o ano 2023 e cumprindo o contemplado no artigo 18 da LXS, o órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno.

Vixésimo segunda. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, o texto da convocatoria remitiráselle á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Vixésimo terceira. Protección de datos

Os datos persoais recadados neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra en calidade de órgano responsable coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.



Mércores, 1 de febreiro de 2023

Núm. 22

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias, ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Vixésimo terceira. Recursos

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse un recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditase no prazo de 1 mes, que se entenderá como desestimado se transcorre este período de tempo sen contestar. Nese caso, poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, como se prevé no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de 2 meses. Igualmente, contra esta resolución tamén se poderá interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo indicado. En todos os casos os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entendese como desestimado.

Vixésimo cuarta. Dereito supletorio

Para o non disposto nestas bases contemplárase o establecido na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación, publicada no BOPPO núm. 249, de 30 de decembro de 2016; nas Bases de execución do Orzamento provincial para o exercicio 2023; na LXS; e na demais lexislación de desenvolvemento.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:37XZBTN9B9KU05LS

